

000040

**GONDOMAR****A N U N C I O**

Aprobado inicialmente polo Pleno deste Concello, na sesión extraordinaria con data 21 de setembro de 2010, o orzamento xeral correspondente ao exercizo 2010, cumprindo o disposto nos artigos 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 2/2004, do 05/03 (BOE n.º 59 do 09/03/04) e 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20/04 (BOE n.º 101 de 27/04/90, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no B.O.P. de Pontevedra. Durante o indicado prazo as persoas que tiñan a consideración legal de interesados poderán examinar o expediente que atopase no Departamento de Administración financeira e presentar, por escrito e no rexistro xeral do Concello, as reclamacións que estimen pertinentes.

En Gondomar, a 22 de setembro de 2010.—O Alcalde-Presidente, Martín V. Urgal Alonso.

2010010101

**A N U N C I O**

Rematado o prazo de exposición ao público do Regulamento Municipal do Rexistro de Licitadores do Concello de Gondomar aprobado inicialmente por acordo plenario de data 29/04/2010 anunciado no B.O.P. n.º 95 de data 21/05/2010, sen que ata a data houberanse formulado reclamacións, alegacións ou observacións contra o mesmo, enténdese elevado a definitivo o citado acordo de aprobación inicial en virtude do disposto no artigo 70.2 da lei 7/85, de 02/04, reguladora das bases de réxime local, procedendo mediante o presente á publicación do seu texto íntegro do seguinte xeito:

**REGULAMENTO DO REXISTRO DE LICITADORES DO CONCELLO DE GONDOMAR****ARTIGO 1.—OBXETO E NATUREZA**

1.—O Rexistro de licitadores ten como finalidade facilitar a concorrencia e axilizar a tramitación dos procedementos administrativos de contratación do Concello de Gondomar e constitúe un catálogo comprensivo de persoas naturais ou xurídicas interesadas en contratar co mesmo, as prestacións derivadas da súa actividade empresarial.

2.—O Rexistro ten carácter voluntario para os contratistas, non sendo un requisito necesario para concorrer aos procedementos contractuais convocados polo concello

3.—O Rexistro de licitadores intégrase organicamente no negociado de Servizos xerais do Departamento de Administración Xeral do Concello a que corresponderá a súa custodia, organización e mantemento.

**ARTIGO 2.—FUNCIONS.**

O Rexistro de Licitadores asume as seguintes funcións:

- A inscrición no mesmo das persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que o soliciten, nas que concorran as circunstancias establecidas, e que cumpran os requisitos e observen os trámites establecidos nese Regulamento.
- A garda e custodia da documentación entregada polos licitadores que sexan inscritos no Rexistro.
- A actualización dos datos rexistrados de acordo coa documentación aportada polos licitadores inscritos a efectos da súa actualización
- Servir de base de datos para, nos procedementos negociados sen publicidade, formular invitación aos contratistas segundo os perfís que proceda.
- Recoller nas fichas de datos persoais dos licitadores inscritos as posibles incidencias surtidas na execución dos sucesivos contratos que lles sexan adxudicados.
- Informar, a solicitude de parte ou de oficio, aos órganos de contratación municipal, aos servizos administrativos e aos particulares titulares dun interese lexítimo e directo, dos datos que obren no Rexistro, en relación cun procedemento contractual concreto.
- Expedición das certificacións de Secretaría sobre os datos e documentos contidos no Rexistro a instancia dos licitadores para a súa participación nos procedementos de contratación que se convoquen polos órganos competentes do Concello de Gondomar

**ARTIGO 3. – ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

O Rexistro de Licitadores estenderá a súa eficacia a tódalas licitacións referidas aos contratos administrativos de obras, de concesión de obras públicas, de xestión de servizos públicos, de suministros e de servizos e de calquera outro contrato de natureza administrativa que celebren os órganos do Concello de Gondomar

**ARTIGO 4. – INSCRIPCIÓN.**

1. – As solicitudes de inscrición no Rexistro poderán formularse por todas aquelas persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que, atopándose facultadas para contratar coa Administración, pretendan contratar co Concello de Gondomar

2. – A inscrición no Rexistro terá carácter voluntario e efectuarase a solicitude dos interesados, sen que, polo tanto, constitúa un requisito necesario para poder participar nun procedemento contractual.

A efectos da incorporación ó mesmo, considerárase permanentemente aberto no tempo.

**ARTIGO 5. – APROBACIÓN DAS INSCRIPCIÓN.**

As inscricións de empresas ou de empresarios no Rexistro de Licitadores, unha vez presentada a solicitude, acompañada da documentación correspondente, acordaranse, previo informe da Secretaría, mediante resolución da Alcaldía, que deberá ser notificada ó interesado.

**ARTIGO 6. – EFECTOS DAS INSCRIPCIÓN.**

1. – Os licitadores que pretendan contratar co Concello de Gondomar quedarán dispensados de presentar nos procedementos contractuais a documentación que fóra depositada no Rexistro, sempre e cando se atope debidamente actualizada; quedando exceptuados da referida exención os documentos específicos esixidos con tal carácter nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou de prescricións técnicas particulares correspondentes e sen prexuízo dos requirimentos que, nos termos definidos na lei 30/2007, de 30/10, de contratos do Sector Público, acorde efectuar a Mesa de contratación correspondente, de ser o caso..

2. – Os licitadores inscritos no Rexistro unicamente deberán axuntar ás proposicións, respecto daquela documentación que obre correctamente depositada no mesmo, unha certificación expedida pola Secretaría do Concello, que surtirá plenos efectos ante a Mesa de Contratación, e unha declaración xurada facendo constar que os datos a el referentes obrantes en dito rexistro non variaron.

As certificacións citadas deberán solicitarse mediante instancia presentada no Concello.

**ARTIGO 7. – INSTRUMENTOS QUE COMPOÑEN O REXISTRO**

O Rexistro estará composto por una base de datos e os arquivos da documentación incorporada polos licitadores.

Na Base de Datos faranse constar os seguintes extremos:

- Identificación da persoa xurídica: Nome e denominación social da empresa, número ou código de identificación fiscal, domicilio social, número de telefono e fax da empresa
- Identificación da persoa(s) física(s) capacitada(s) legalmente para obrigar á empresa: Nome, apelidos e número do D.N.I.
- Dirección, número de telefono e fax para avisos e notificacións.
- Obxecto da actividade empresarial
- Número de asento, sección en que se inscribe e data de outorgamento da inscrición no Rexistro.
- Relación da documentación aportada para a súa inscrición.
- Incidencias e modificacións relativas á inscrición no Rexistro.
- Observacións

**ARTIGO 8. – ESTRUCTURA DO REXISTRO.**

O Rexistro estrutúrase, polo obxecto da actividade empresarial, nas seccións seguintes:

- A- Execución de Obras
- B- Concesión de obras públicas
- C- Xestión de Servizos Públicos
- D- Suministros, compras ou adquisicións
- E- Servizos
- F- Outras

A cada empresa inscrita no Rexistro seralle asignado un código identificativo, que se compondrá de dúas partes:

- 1ª) A sigla indicativa da Sección do Rexistro no que a empresa resulte inscrita.
- 2ª) O número do asento do Rexistro correspondente á empresa, integrado polo número de orde cronolóxico da inscrición dentro do ano no que a mesma se outorgue e os dous últimos números da cifra do citado ano.

**ARTIGO 9. – PROTECCIÓN DE DATOS.**

Para o tratamento informático dos datos do Rexistro adoptaranse as medidas previstas neste contexto na Lei Orgánica 5/1992, de 29 de Outubro,

de Regulación do Tratamento Automatizado dos Datos de Carácter Persoal, dictada en desenvolvemento do previsto no apartado 4 do artigo 18 da Constitución.

**ARTIGO 10.—REQUISITOS FORMAIS PARA SOLICITAR AS INSCRIPCIÓNS.**

Para a inscrición no Rexistro de licitadores, os interesados presentarán no Rexistro Xeral do Concello, modelo de solicitude de inscrición que figura como anexo I a este regulamento, debidamente cumprimentada e subscrita por persoa facultada, acompañada, segundo a súa clase, dos documentos que seguidamente se sinalan:

a) Documentos acreditativos da personalidade e capacidade do licitador:

a).1. A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas acreditarase mediante copia autenticada ou testemuña notarial da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, e no seu caso, das adaptacións ou modificacións de calquera tipo, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no correspondente Rexistro Oficial, para o suposto de que se trate de Entidades que non revistan a forma de Sociedades Mercantís e copia compulsada do CIF da empresa.

a). 2. Os licitadores individuais presentarán copia compulsada, notarial ou administrativamente, do Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga as súas veces.

a). 3. En canto ás empresas non españolas de estados membros da Unión Europea, terán capacidade para contratar aquelas que, ao abeiro da lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación de que se trate. Cando a lexislación do Estado en que se encontren establecidas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito. A capacidade das mesmas acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, de acordo co establecido no anexo I.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

a). 4. Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con certificación expedida pola Embaixada de España no Estado correspondente; ademais deberán xustificar mediante informe, na forma recollida no artigo 44 da LCSE, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector

público asimilables aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga, así como acreditar ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións.

b) Documentos acreditativos da representación.

Os que comparezan ou firmen proposicións en nome de outro presentarán poder de representación, bastantado pola Secretaría municipal. Se o licitador fora persoa xurídica, o poder xeral deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. Se trátase dun poder especial para un acto concreto non será necesario o requisito da súa previa inscrición no Rexistro Mercantil.

Igualmente, a persoa con poder bastante a efectos de representación deberá acompañar copia compulsada, notarial ou administrativamente, do seu Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga as súas veces.

c) Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

Documento acreditativo da clasificación para os casos no que a mesma deba ser esixida conforme ó disposto no artigo 54 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, tendo en conta os límites establecidos neste precepto ou que poidan sinalarse no futuro polo Ministerio de Economía e Facenda.

Os empresarios ou empresas que non posúan clasificación anexarán, sen prexuízo de que nalguna licitación en concreto se lle esixan outros medios para acreditar dita solvencia:

c).1. Para xustificar a solvencia económica e financeira:

A xustificación xenérica de solvencia económica e financeira do empresario poderará acreditarse por un ou varios dos seguintes medios de acordo co previsto no artigo 64 da LCSP:

c).1.1 Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

c).1.2. As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c).1.3. Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.

000043

c).2. Para xustificar á solvencia técnica nos contratos de obras:

Nos contratos de obras a solvencia técnica xeral do empresario, poderá ser xustificada por un ou varios dos seguintes medios:

c).2.1. Títulos académicos e experiencia do empresario e dos cadros da empresa e, en particular, do/s reponsable/s da/s obra/s.

c).2.2. Relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución para as mais importantes.

a).2.3. declaración sobre os efectivos persoais medios anuais da empresa, indicando, no seu caso, grado de estabilidade no emprego dos mesmos e a importancia dos seus equipos directivos durante os tres últimos anos.

a).2.4. declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras.

c).3. Para xustificar a solvencia técnica nos contratos de subministro:

Nos contratos de subministro, a solvencia técnica xenérica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

c).3.1. Por relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos, indicándose o seu importe, datas e destino público ou privado, á que incorporárase os correspondentes certificados sobre os mesmos.

c).3.2. Descrición do equipo técnico, medidas empregadas polo subministrador para asegurar a calidade e os medios de estudo e investigación da empresa.

c).3.3. Indicación dos técnicos ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente daqueles encargados do control de calidade, así como, no seu caso, grado de estabilidade no emprego de persoal integrado na empresa.

c).3.4. Mostras, descrições e fotografía dos produtos a subministrar.

c).3.5. Certificacións establecidas polos Institutos ou servizos oficiais ou homologados encargados do control de calidade e que acrediten a conformidade de artigos ben identificados con referencia a certas especificacións ou normas.

c).3.6. Control efectuado pola Administración ou no seu nome por un organismo oficial competente do Estado, no cal o empresario estea establecido, sempre que medie acordo de dito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou a título excepcional deban responder a un fin particular; este control versará sobre as capacidades de produción e, se fora necesario, de estudo e investigación do empresario; así como

sobre as mediadas empregadas por este último para controlar a calidade.

c) 4. Para xustificar a solvencia técnica dos restantes contratos:

Nos demais contratos a solvencia técnica ou profesional xenérica dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que poderá acreditarse, segundo o obxecto do contrato, por un ou varios dos medios seguintes:

c).4.1. As titulacións académicas e profesionais dos empresarios e do persoal de dirección da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

c).4.2. Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e beneficios públicos ou privados dos mesmos.

c).4.3. Unha descrición do equipo técnico e unidades técnicas participantes no contrato, estean ou non integrados directamente na empresa do contratista, especialmente dos responsables do control de calidade.

c).4.4. Unha declaración que indique o promedio anual de persoal, con mención, no seu caso, do grado de estabilidade no emprego e o cadro de persoal directivo durante os últimos tres anos.

c).4.5. Unha declaración do material, instalacións e equipo técnico do que dispoña o empresario para a realización do contrato.

c).4.6. Unha declaración das medidas adoptadas polos empresarios para controlar a calidade, así como dos medios de estudo e de investigación de que dispoñan.

c).4.7. Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou en nome deste por un organismo oficial u homologado competente do Estado no que estea establecido o empresario, co acordo de dito organismo sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade

d) Empresas estranxeiras. As empresas estranxeiras aportarán declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

e) Declaracións responsables. Así mesmo, os licitadores deberán presentar os seguintes documentos:

e).1. Declaración responsable de ter capacidade de obrar e non estar incurso nas prohibicións de contratar previstas no artigo 49 da LCSP; que po-

derá realizarse, segundo o disposto no art. 62 da LCSP; mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poda ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable outorgada ante unha autoridade xudicial.

e).2. As persoas físicas, mediante declaración responsable, ou os administradores das persoas xurídicas, mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competente, deberán especificar na citada declaración ou certificación, que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da empresa persoa algunha á que se refiren a Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral.

f) Certificación acreditativa de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias xerais, así como das correspondentes con respecto ao Concello de Gondomar e coa Seguridade Social, nos termos e coa extensión que establecen os artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, presentando os seguintes documentos:

f).1. Alta e, no seu caso, último recibo do Imposto de Actividades Económicas, ou certificación expedida polo órgano competente que acredite que a actividade exercida non está suxeita a dito imposto.

f).2. Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, acreditativa de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias.

f).3. Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, acreditativa de estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

f).4. Certificación expedida pola Tesourería do Concello de Gondomar acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria co Concello de Gondomar.

Os licitadores estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao corrente no

cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, deberán presentar certificación tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite estar ó corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Esta documentación tamén se referirá ós doce últimos meses.

g) Calquera outros documentos, estudos, memorias ou información particular ou xeral que crea conveniente o solicitante.

Toda a documentación a presentar polos licitadores será documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou estean compulsadas conforme á Lexislación vixente na materia.

#### ARTIGO 11.— FALSEDADE DE DATOS.

A falsedade nos datos ou documentos aportados polo interesado que consten no Rexistro, dará lugar á súa exclusión, deixándose anotación de constancia ós efectos oportunos, sen prexuízo doutras responsabilidades a que dera lugar.

#### ARTIGO 12.— COMPROBACIÓN E MODIFICACIÓN DE DATOS.

O servizo administrativo de Contratación do Concello, integrado no negociado de Servizos xerais do Departamento de Administración Xeral do Concello, poderá requirir de oficio, cando o considere pertinente, ás empresas e empresarios inscritos ou pendentes de inscrición, a efectos de comprobación dos datos rexistrados e da súa vixencia, aí como revisar periodicamente o referido Rexistro.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, a permanente actualización dos datos e documentos rexistrados realizarase polos interesados sen necesidade de requirimento algún por parte do Concello.

Neste sentido as empresas e empresarios inscritos quedan obrigados a poñer en coñecemento do Rexistro municipal de Licitadores, inmediatamente de producidas, calquera alteración ou modificación que afecte á escritura de constitución ou modificación, estatutos ou acto fundacional presentados, o poder para actuar no seu nome e a clasificación que posúa, así como calquera outra circunstancia que modifique os datos aportados no Rexistro

En todo caso, no que respecta á clasificación deberá terse en conta o establecido no artigo 59 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, de maneira que transcorridos os prazos sinalados neste precepto, desde a data en que se obtivera, o documento presentado perderá plenamente a súa validez.

Perderán igualmente o seu valor as certificacións xustificativas de obrigas tributarias, de Seguridade Social e de non ter débedas de natureza tributaria co Concello de Gondomar a partir dos seis

meses contados desde a data de expedición das mesmas, segundo o disposto no art.16.3 do RD 1098/01. Non obstante, se a certificación caducase antes da adxudicación do contrato, o licitador proposto como adxudicatario deberá presentar unha certificación actualizada a requirimento do órgano de contratación

As empresas e empresarios inscritos que non dispoñan de clasificación de contratistas, deberán actualizar, anualmente, tódolos documentos aportados ó Rexistro no seu día, para xustificar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, cos datos correspondentes o exercicio anterior sen prexuízo de aportar novos datos ou modificación dos existentes cando afecten a algún contrato en concreto ou que pretenden licitar

#### ARTIGO 13.—SUSPENSIÓN E ANULACIÓN DAS INSCRICIÓNS.

Polo Ilmo. Alcalde-Presidente, a proposta da Secretaría Xeral do Concello e previa incoación do expediente con audiencia do interesado, poderá dispoñerse a suspensión temporal ou anulación definitiva daqueles contratistas que aporten datos ou documentos rexistrados en falsidade, inexactitudes relevantes ou que non houberan realizado as comunicacións preceptivas establecidas na presente norma co obxecto de actualización da inscrición. Todo isto, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar e de que se aprecie causa de prohibición de contratar tipificada no artigo 49 da LCSP e se declare a mesma, previa instrucción do procedemento establecido nos artigos 17 e 18 do RD 1098/01, do 12 de outubro.

En calquera momento as empresas inscritas poderán solicitar a baixa no Rexistro municipal de licitadores.

#### ARTIGO 14.—SOLICITUDES DE CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN.

Para a solicitude de certificación de inscrición no Rexistro de licitadores, os interesados presentarán no Rexistro Xeral do Concello, modelo de solicitude de certificado de inscrición que figura como anexo II a este regulamento, debidamente cumprimentada e subscribida por persoa facultada,

#### ARTIGO 15.—INTERPRETACIÓN. XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.—As discrepancias sobre interpretación, modificación, resolución e efectos das inscricións no Rexistro de licitadores deste Concello, serán resoltas polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, das que as resolucións porán fin á vía administrativa.

2.—A facultade establecida no parágrafo precedente enténdese sen prexuízo da obrigada audiencia do interesado, e, no seu caso, das responsabilidades ou indemnizacións a que dera lugar.

3.—Sen prexuízo do exposto anteriormente, corresponde á Xurisdicción contencioso-administrativa a competencia para coñecer tódalas cuestións litixiosas que xurdan ou se deriven da aplicación deste Regulamento, ou que se refiran á súa interpretación, modificación, resolución e efectos.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte a aquel en que se publique integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra mantendo a súa vixencia en tanto non sexa modificado ou derogado expresamente.

Dende a data da súa entrada en vigor os empresarios interesados poderán solicitar a súa inscrición no Rexistro de Licitadores do Concello de Gondomar.

### A N E X O I

#### SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE LICITADORES DO CONCELLO DE GONDOMAR

##### SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, código postal, poboación, provincia e país):

Nº teléfono/Fax/Correo electrónico:

Nº C.I.F./N.I.E.:

Obxecto social ou actividade:

Epígrafes do I.A.E. nos que se atopa dado de alta e ámbito:

##### REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

Enderezo (rúa, número, código postal, poboación, provincia e país)

D.N.I. Nº:

Nº teléfono y Fax para notificacións

Poder: Escritura Nº Notario D/Dª

Localidade Data

##### SECCIÓN/S NA/S QUE SOLICITA A INSCRIPCIÓN

- A.—Execución de Obras
- B.—Concesión de obra pública
- C.—Xestión de Servizos Públicos.
- D.—Suministros, compras ou adquisicións.
- E.—Servizos.
- F.—Outras

##### DECLARACIÓN

O/A que subscribe, na representación que ostenta, declara expresa e responsablemente:

1º.—Que todos os datos especificados anteriormente son certos.

2º.—Que coñece o Regulamento regulador do rexistro de Licitadores do Concello de Gondomar,

aprobado definitivamente polo Pleno do Excmo. Concello de Gondomar, e que acepta integramente o seu contido

3º.—Que non está incurso/a en prohibición algunha para contratar co Concello de Gondomar (persoa física; administradores da persoa xurídica, conxugues, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes).

4º.—Que solicita a inscrición no Rexistro de Licitadores do Concello de Gondomar, de conformidade cos datos especificados anteriormente.

Gondomar, a .....de.....de  
Asdo:

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o CONCELLO DE GONDOMAR con domicilio en Praza Latino Salgueiro 1, 36380 GONDOMAR (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o Concello. Se o desexa poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI.

#### A N E X O I I

##### SOLICITUDE DE CERTIFICADO DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES DO CONCELLO DE GONDOMAR

###### SOLICITANTE

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoas xurídicas):

Enderezo (rúa, número, código postal, poboación, provincia e país):

Nº teléfono/Fax/Correo electrónico:

Nº C.I.F./N.I.F.:

Nº teléfono y Fax para avisos e notificacións:

Sección/s na/s que figura inscrito e cuxo certificado de inscrición solicita:

- A.—Execución de Obras (Nº DE ASENTOS: )
- B.—Concesión de obra pública
- C.—Xestión de Servizos Públicos. (Nº de asentos: )
- D.—Suministros, compras ou adquisicións.  
Nº DE ASENTOS: )
- E.—Servizos. (Nº DE ASENTOS: )
- F.—Outras (Nº DE ASENTOS: )

Nº de certificados solicitados:

A empresa solicitante da presente certificación comprométese a comprobar os datos obrantes na mesma, así como a comunicar calquera erro ou defecto que puidese conter, con anterioridade á súa aportación a calquera procedemento contractual.

Gondomar, a de de

Asdo.:

D.N.I. nº:

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é o CONCELLO DE GONDOMAR con domicilio en Praza Latino Salgueiro 1, 36380 GONDOMAR (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é levar a cabo a correcta xestión dos servizos que presta o Concello. Se o desexa poderá exercita-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao enderezo sinalado, achegando unha fotocopia do seu DNI.

En Gondomar, a 21 de setembro de 2010.—O Alcalde-Presidente, Martín V. Urgal Alonso.

2010010102

\* \* \*

#### P O I O

#### A N U N C I O

Intentada a notificación do requirimento efectuado con data 01/07/2010 a Derribos y Obras Vigo, SL, empresa adxudicataria das obras de demolición parcial da edificación sita en camiño Bouceñas, 22 e en relación co procedemento ordinario 949/1990 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección Segunda, a través do Servizo de Correos e resultando esta fallida, de conformidade co establecido no artigo 59.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, establécese un prazo de 10 días, a contar do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para persoarse no expediente e presenten as alegacións que estimeñ convenientes en relación co requirimento de execución das obras efectuado.

Poio, 23 de agosto de 2010.—O alcalde, Luciano Sobral Fernández. 2010009232

\* \* \*

#### O P O R R I Ñ O

##### ANUNCIO DE ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Por Decreto de data 30 de agosto de 2010, procedeuse á elevación a definitiva da adxudicación provisional ditada, no procedemento de contratación da obra de saneamento na cuenca do río Tinto en Budiño, coas seguintes especificidades:

##### 1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello do Porriño.
- b) Dependencia tramitadora do expediente: Secretaría-Servizo de Contratación,
- c) Número de expediente: 07/10